

## OUTRO MORTO MÁIS NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO AVE



A **CIG** manifesta o seu pesar polo falecemento dun traballador durante a xornada nocturna nas obras do AVE da empresa Vías e Construcións S.A, que se están realizando na estrada de Vilar de Barrio a Laza. Consideramos que é unha situación límite a que se está a vivir nas obras de construción do AVE na provincia de Ourense.

Por unha parte, os partidos políticos e organizacións empresariais preocupados por traer canto antes o AVE a nosa comunidade e por outra parte a presión que se exerce sobre os traballadores tradúcese na falta de medidas de seguridade que están sufrindo nestas obras.

A subcontratación, a falta de medidas de seguridade, a precariedade laboral, a contratación de persoas de Europa do Este coma man de obra barata, coas que a dificultade de entendemento e coordinación é diaria; ademais, da realización de xornadas de traballo que chegan en algúns casos a 12 horas diarias durante 6 días da semana, provocan situacións extremas de perigo para os traballadores sumándose a todo isto a inexistencia de medidas reais de seguridade.

Todo isto acontece sin esixir un control efectivo por parte da inspección de traballo, o que motiva estes abusos e a sobreexplotación dos traballadores.

Por todo isto, a CIG – Ourense esixe un maior control por parte da administración antepoñendo a prevención e a seguridade das persoas sobre intereses políticos e empresariais.

**Zeltia Burgos**, Secretaria Comarcal de Saúde laboral de Ourense.